


O PROXECTO DE RECUPERACIÓN E MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ESCAVADOS DO CASTRO DE VIGO

O castro de Vigo localízase no monte do Castro, situado en pleno centro urbano da cidade. As escavacións efectuadas ao longo do pasado século, na aba nordeste do monte, permitiron recuperar unha vintena de construcións e numerosas estruturas escavadas na rocha correspondentes a canles, pías, buratos de poste, etc.



Vistas do Monte do Castro a principios do século XX (postais da colección de Patrimonio Histórico.
Concello de Vigo)

Os restos escavados son unha pequena parte dun poboado castrexo que se estendería polas abas do monte, habitado entre o século II a.C. e o século III d.C. Foi abandonado pacificamente, probablemente polo traslado dos seus habitantes á zona do Areal.



Debuxo en planta do sector antes de iniciar o proxecto de musealización



Infografía en 3D dos restos antes da consolidación





Ilustración hipotética que representa o que poderíamos ver se nos situamos na aba leste do monte cara ó mar e retrocedésemos no tempo ata o S. II d. C.



Infografía do proxecto de musealización

Despois dalgúns anos de abandono nos que os restos foron cubertos pola vexetación e esquecidos polo público, no ano de 2008, o Concello de Vigo promoveu un proxecto de recuperación e musealización destes vestixios que foi presentado ao Plan español para o estímulo da economía e emprego (plan E) o que permitiu obter o financiamento para a súa execución.



Vista dos restos antes da musealización

O obxectivo primordial do proxecto era a protección, conservación, difusión e fomento da apreciación social dos vestixios castrexos escavados, de cara a garantir un idóneo uso social destes e a súa conservación para as xeracións futuras. Ademais, pretendíase potenciar a área dos vestixios como espazo cultural para veciños e visitantes, e como atractivo cultural e turístico da cidade.

Para acadar tales obxectivos, concretouse un programa de traballo no que se dispoñía a realización diversas tarefas que, en síntese, foron:

- (1) A **delimitación dunha área de reserva anexa** aos vestixios, ao fin de dispoñer dun espazo para investigacións futuras e para a realización de posibles actividades complementarias á visita.
- (2) A realización de **traballos de documentación** e estudos específicos, como a **lectura de paramentos**, que complementen as tarefas encamiñadas a mellorar a comprensión do xacemento.
- (3) A **re-escavación** e limpeza das estruturas para documentalas á luz dos novos coñecementos no eido do mundo castrexo e facilitar posteriores traballos, como a consolidación ou lectura de paramentos.
- (4) A **consolidación** dos restos, seguindo os datos obtidos na reescavación e documentación.
- (5) O **tratamento da vexetación**, para minimizar a afección sobre os restos e a súa ocultación visual.



Eliminación dunha árbore no interior dunha das casas

- (6) A realización de **drenaxes** de pluviais que evitasen o enchoupamento das estruturas e a súa consecuente degradación.
- (7) O **valado** perimetral dos restos mediante unha estrutura metálica que, ao tempo que os protexe, sexa permeable á vista dende o exterior.
- (8) A definición dunha **narrativa** que, baseada nos coñecementos sobre o castro e o mundo castrexo en xeral, dese a coñecer ó público o sentido dos restos que se amosan.

- (9) A construción **de novo de tres estruturas de tipoloxía castrexa**, correspondentes ao momento no que se habitou o xacemento, que permitosen evocarlle ao visitante o modo de vida nun poboado destas características.
- (10) O deseño e instalación, cerca das reconstrucións castrexas anteriores, dunha **maqueta tiflolóxica** en bronce. Con ela, preténdese ilustrar aos visitantes con dificultades visuais sobre o mundo castrexo da bisbarra e sobre os vestixios do xacemento.



Deseño previo da maqueta tiflolóxica

- (11) O deseño e realización da carteleira que permitise ilustrarlles aos visitantes a narrativa anterior.
- (12) A disposición de infraestruturas para a visita como pasarelas ou a construción dun espazo para albergar ao persoal que atenda o xacemento.



Infraestrutura de acceso aos restos

- (13) A instalación dun **sistema de vixilancia** mediante cámaras, que disuada dos posibles intentos de afección aos restos.

Todas estas obras comezaron en maio de 2009 e remataron a final de ano. O xacemento está aberto á visita pública dende febreiro de 2010.